Villardebós IV, 1, Terroso, Villardebós

CD 205 3 - 4

Xente da aldea
Marzo 1981

IV,1, 164. 68) Lugarciño de Terroso
de lonxe parece vila
/: si non fora aquela serra
que tén ó lado derriba. :/ (11)

---

230. 4' 2269) veciña: Ahora que me puxeche (12) V 41 a
a) a barrighiña redonda V 300 a
ou t'har de casar conmigo
ou has me de paga la honra.

veciño
b) A honra dunha meniña
non se paga con diñeiro,
págase co mismo corpo
sendo dun mozo solteiro.

239. 70) Chégat'ela, chegat'ela, (13)
chegat'ela e dáll'un bico,
se non fora pola xente
xa lle tiñas dado cinco.

---

(4) Xan Guindán

248 1) Xan Guindán querse casar (14) IV 49 b
non tén a muller buscada, IV 12c
foille fa -lo amor
á falla da tía Xuana.

2) "Buenas noites, tía Xuana,
¿ióndе lle vai a rapaza?"
"Foi busca-lo gas prá noite,
xa me parece que tarda."

3) Entrou a meniña
pola porta para dentro:
"Buenas noites, Xan Guindán,
taigote no pensamento."

4) "Tu diralo de risas
pero eu dígocho de veras
hai un ratiño qu' estou
a quecer eiquí as canelas."

5) "¿E logo tén muito frío?"
"Nunca Dios tanto me dera,
seica me querías quecer
ahora prá primavera."